



OS 3'S DA ENERXÍA

PRINCIPIOS DO MODELO ENERXÉTICO QUE PROPÓN ADEGA

SOBERANA >>> SOCIAL >>> SUSTENTÁBEL



O desenvolvemento das enerxías renovábeis, incluída a eólica, é necesario para **loitar contra o cambio climático**, **reducir as emisións contaminantes** e **afrontar a urxente transición ecolóxica**. O territorio galego é especialmente favorable para acadar estes obxectivos.

En 2020 Galiza cubriu o total da súa demanda eléctrica con enerxías renovábeis, que representan arredor do 75% da produción enerxética total.

Entón, por que dicimos **ASÍ NON** a moitos dos proxectos eólicos en tramitación ?

A proliferación de parques eólicos está a causar fortes **impactos ambientais** sobre os espazos naturais, a fauna e a flora. Tamén **impactos sociais** polo tamaño dos eólicos e proximidade ás vivendas así como o **deterioro dos**

servizos ecosistémicos e recursos naturais, con afeccións ao ciclo da auga, ao solo produtivo e á paisaxe.

Asemade, o actual modelo eólico non ten en conta os obxectivos enerxéticos xa acadados no noso territorio.

O modelo que nos están a impoñer as multinacionais eléctricas e os fondos de inversión estranxeiros, co apoio das administracións galega, estatal e europea, está deseñado para atender aos obxectivos de lucro do sector

privado, e non de interese público ou xeral. Estamos en contra dun modelo **desregulado, sobredimensionado, desfasado, espoliador de recursos, produtivista e contrario á xustiza social e ecolóxica**.

S **OBERANA** >>> SOCIAL >>> SUSTENTÁBEL



AUTOSUFICIENCIA E SOBERANÍA ENERXÉTICA

Apostamos por **primar a produción para o consumo interno** por riba da sobreprodución para a demanda externa.

Actualmente, expórtase un 30% da enerxía renovábel producida en Galiza, que podería estar compensando a demanda interna de fontes de enerxía fósil.

DESCENTRALIZADA

Propoñemos **achegar os centros de produción aos centros de consumo**, con tecnoloxías deseñadas á pequena e media escala.

Isto resulta fundamental para sermos soberanos enerxeticamente, reducir a demanda e evitar perdas de enerxía innecesarias. O 15% da enerxía producida se perde no transporte a longas distancias.

REDUCCIÓN DA DEMANDA, AUTOCONSUMO E EFICIENCIA ENERXÉTICA

O modelo de produción enerxética debe contemplar a **produción desconectada da rede eléctrica controlada polo oligopolio do sector**.

Debemos esixir das administracións públicas que xustifiquen e limiten o seu gasto enerxético así como anticiparse á demanda enerxética ante o aumento do parque móbil de vehículos eléctricos e fomentar modelos de mobilidade colectiva públicos e eficientes.



SOBERANA >>>

SOCIAL

>>> SUSTENTÁBEL



XUSTA COA CIDADANÍA

Fronte a un modelo xerido por multinacionais no que só as propietarias das terras ocupadas por eólicos reciben benefi-

cios escasos, defendemos que a poboación local poida negociar en igualdade de condicións, **sen ter que aterse a contratos abusivos.**

DINAMIZADORA DO RURAL

Que contribúa a crear alternativas sustentábeis de aproveitamento económico no rural e á **convivencia cos usos forestais e agrogandeiros** na súa contorna, fomentando así a fixación da poboación.

Un modelo enerxético polo que non haxa que sacrificar actividades económicas tradicionais e sustentábeis para manter proxectos eléctricos industriais a grande escala, e que respecte

a utilidade pública dos montes veciñais.

ORIENTADA AO BEN COMÚN

Xa que a electricidade é un servizo público e básico, apostamos por un modelo que loite **contra a pobreza enerxética e contribúa á economía local** así como a **socializar os beneficios.**

Defendemos os proxectos enerxéticos de xestión pública e a fórmula das comunidades enerxéticas locais, que priman os obxectivos sociais e ambientais sobre a rendibilidade financeira promovendo infraestruturas sanitarias, educativas, transporte colectivo...





RESILIENTE

Debe preservar os ecosistemas naturais chave ante a mudanza climática como é o caso de áreas de alta montaña, os sumidoiros de CO₂, brañas, turbeiras, matogueiras e zonas húmidas, contribuíndo á sustentabilidade do territorio a

través dos servizos ecosistémicos que ofrecen e dan acubillo a unha importante comunidade de especies animais e vexetais.

PLANIFICADA

Debe **axustar a produción eléctrica** á demanda, sen sobredimensionar as necesidades nin especular coa riqueza natural.

O custe ambiental derivado da produción eléctrica debe traducirse nun **gravame económico** que se sume aos outros custes xa atribuídos.

Ademais, debe limitarse a capacidade máxima de produción, primar a eficiencia enerxética e esixir **estudos de impacto ambiental completos** que avalíen o dano acumulado xerado por todas as infraestruc-

turas relacionadas cos parques eólicos, nomeadamente coas liñas de evacuación, as vías de accesos e os centros de transformación.

CONSERVACIONISTA

Que limite o emprazamento de eólicos a grande escala a áreas de escaso valor ecolóxico. Ademais das zonas antes citadas, **ficarían excluídas, as áreas da Rede Natura e aqueles espazos que teñan un especial interese ambiental, paisaxístico, patrimonial, cultural ou agropecuario.**

Propoñemos, como exemplo, a instalación de eólicos nos parques industriais ou a colocación de paneis fotovoltaicos nos edificios para procurar o seu autobastecemento enerxético.

ADEGA

ASOCIACIÓN PARA A DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA

2021

www.adega.gal

